

Amosarlles ás novas
xeracións o noso idioma e
a importancia da súa
conservación a partir dos
medios de comunicación.

Proxecto Informa.Gal

Introdución Informa.Gal

1 Título do proxecto

Informa.Gal

2 Contextualización e xustificación do proxecto

Dende hai uns anos, o CEIP Viñagrande-Deiro iniciou un proceso de transformación na busca dun modelo de centro educativo que sexa capaz de lles dar resposta ás actuais demandas da sociedade e ás características das xeracións máis novas.

As sociedades evolucionan rapidamente mentres que os centros educativos amósanse moi remisos a acompañar de preto esta transformación. Semellan estar ancorados no século XX no referido ás súas estruturas organizativas, didácticas e metodolóxicas, sen atender a moitos factores que interveñen directamente nos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado.

Consideramos prioritario poñer en funcionamento novas estruturas organizativas, novos modelos pedagóxicos e propostas didácticas nas nosas aulas e no noso centro que ofrezan a posibilidade de mellorar os procesos de ensino e aprendizaxe.

Partindo desta premisa, de novos modelos pedagóxicos e propostas didácticas, naceu no noso centro, entre outros, este proxecto, Informa.Gal, coa finalidade de lles amosar ás xeracións máis novas o galego e a importancia da súa conservación e conseguir que a nosa lingua se converta no idioma vehicular dentro da escola e tamén fóra dela, onde pretendemos ampliar o seu uso habitual en situacións de interacción dominadas na actualidade polo castelán.

Consideramos que a nosa lingua está a padecer unha deterioración que vai camiño de facer que o galego sexa unha lingua esquecida, e isto non é unha suposición, senón que os datos dos que dispoñemos así o amosan.

Unha enquisa que analizou a situación do galego entre as familias do centro achegounos uns datos moi significativos desta deterioración. Daquela, vémonos na obriga de facer algo para intentar mudar esta situación.

Que imos facer?

Converter as alumnas e os alumnos en xornalistas e facer que a información que se transmita ao exterior sexa en galego; deste xeito, queremos garantir que o alumnado se exprese, tanto oralmente como na escrita, no noso idioma.

Os medios de comunicación que nos axudarán a exportar todas as actividades que se realizan no centro serán a radio, a televisión, a prensa e as diferentes redes sociais. Estes medios están situados nunha nova zona do colexio, que antigamente era un vello almacén e que na actualidade se acondicionou para esta finalidade, entre outras.

Todas as actividades que se propoñen neste proxecto teñen un para que en si mesmas; unhas veces é gozar ao realizalas e outras é a saída que teñen ao exterior a través dos medios de comunicación: a radio, a prensa, a televisión, as redes sociais etc., e que, á vez que lles dan sentido e funcionalidade ás actividades, fan que medre o interese e a motivación.


O tipo de saída que teñan as actividades determinará a planificación, a responsabilidade do alumnado e a utilización dos recursos.

Estamos asegurando unha plena inmersión en galego na realización das actividades, na planificación para darlles saída e na mesma saída coa utilización dos medios, e todo isto cunha motivación extra pola utilización dos medios de comunicación grazas á utilización de dispositivos móbiles, entre outros recursos.

A utilización dos devanditos dispositivos móbiles vainos facilitar a posibilidade de utilizar diferentes apps relacionadas coa televisión, o xornal e, por suposto, as redes sociais. Deste xeito, tamén lles estamos garantindo


unha educación dixital non soamente ao alumnado senón tamén á comunidade educativa que participa neste proxecto.

2.1 Identificación da situación sociolingüística do centro



zona en que nos atopamos; esta desaparición é moi salientable nestes últimos

A situación na nosa contorna é bastante pobre e mesmo de tristeza cando comprobamos que a lingua galega está desaparecendo de zonas rurais como a



anos e incrementase dun xeito vertixinoso. Na análise da situación lingüística do noso centro, que amosamos a continuación, pódese comprobar que o uso da nosa lingua é minoritario nas xeracións máis novas, o que vai determinar a

situación do galego no futuro, polo menos nesta localidade e nos arredores. Pasamos, nunha xeración, de ser a lingua de uso habitual da poboación máis nova a ser na actualidade unha lingua minoritaria nesta franxa de idade.

*Parte dunha enquisa contestada por 94 familias do centro onde se amosan uns datos moi preocupantes da situación do galego na actualidade na nosa contorna.

3 Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos

Fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro tanto oral como escrita, na realización das tarefas e na saída destas ao exterior nos diferentes medios de comunicación.

Garantir a presenza do galego coas novas tecnoloxías.

Propiciar a aprendizaxe e gozo coa realización de actividades nos medios de comunicación, empregando como lingua vehicular o idioma galego.

4 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

O alumnado de educación infantil, nun grupo onde se mesturan idades distintas, desenvolve a súa aprendizaxe atendendo á seguinte estratexia metodolóxica, organizativa e didáctica: a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP). A ABP facilita enormemente a consecución dos obxectivos que pretendemos acadar co noso alumnado: os proxectos son motivadores, integradores, axudan a socializar, son significativos, parten dos intereses do alumnado e posibilitan un ensino globalizado dos contidos escolares e unha aprendizaxe integral.

O alumnado de 1.º e 2.º de educación primaria, tamén en grupo de idades variadas, desenvolverá a súa aprendizaxe atendendo á seguinte estratexia metodolóxica: no interior das aulas existirán uns espazos que denominamos minicontextos de aprendizaxe, nos que se traballa principalmente unha materia. Ao unirse a outros temas diversos e aos demais minicontextos, interrelaciona entre as áreas, complementa o currículo e desenvolve un proxecto didáctico. Ao longo do curso escolar estableceranse nas aulas distintos minicontextos de aprendizaxe: das tecnoloxías, das artes, dos números e das palabras etc. En cada un deles traballa diariamente un equipo de tres ou catro alumnos e alumnas que, dun xeito cooperativo, van desenvolvendo as competencias básicas a través do estudo dun determinado proxecto didáctico.

O alumnado de 3.º e 4.º, mesturado en canto á idade, e o de 5.º e 6.º (tamén mesturado) desenvolve a súa aprendizaxe atendendo á seguinte actuación metodolóxica, organizativa e didáctica: contextos de aprendizaxe. En cada contexto trabállanse proxectos dunha área. Ao unirse a outros temas diversos, interrelaciona as distintas áreas de coñecemento e complementa o currículo dun xeito multidisciplinario. En cada contexto traballa un ou unha docente como mínimo. As aulas de 3.º, 4.º, 5.º e 6.º converteranse nos seguintes contextos de aprendizaxe e neles traballarase atendendo ás dinámicas correspondentes: o laboratorio, o calculadeiro, a verbadeira e o contexto da humanidade.

4.1 Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación previstas

Todo o alumnado contará cun espazo no centro para darlles saída aos seus traballos e mesmo realizalos. Nel colocaremos os recursos necesarios para desenvolver programas de radio, televisión, para a elaboración da prensa escrita e para as redes sociais. Este espazo non ten un grupo asignado, de maneira que pode ser utilizado polos distintos grupos en función da súa utilización e mesmo por diferentes grupos nun mesmo momento. Este espazo contará sempre coa presenza dun mestre ou dunha mestra para garantir que se utilice de maneira axeitada e deste modo poder acadar o éxito dos traballos que saen ao exterior polos diferentes medios.

Reflectimos a continuación as actividades que queremos desenvolver con este proxecto e exemplificamos actividades realizadas no noso centro que van nesta dirección.

A estas actividades temos que engadirlles todas aquelas que se realizan con anterioridade nas aulas e que son o xerme para exportalas ao exterior nos medios de comunicación.

4.2 Título e descrición

Radio

Mellorar a expresión oral en galego a través da realización de diferentes programas de radio: entrevistas, faladoiros, informativos, cantigas, música, contos etc. Esta actividade ten un traballo previo de expresión escrita na creación dos guións, na elaboración das noticias...

<http://somosxornalistas.blogspot.com.es/2016/02/activate-radio-presenta-un-novo.html>

Televisión

Realización dun telexornal, dun programa informativo, de debates, de teatro, de actuacións, de actividades... para que o alumnado se exprese en galego e deste xeito traballar a expresión oral. Igual que na radio, tamén temos un traballo previo de redacción, guións etc.

<http://somosxornalistas.blogspot.com.es/2015/11/o-noso-corpo.html>

Xornal

Mellorar a expresión escrita en galego por medio da creación dun xornal. Realización de artigos, noticias, opinións, novas, traballos...

<http://es.calameo.com/books/004998464e103ef3806c8>

Redes sociais

Difusión das actividades no blog e nas redes sociais. O alumnado será quen de ter ao día a bitácora e de compartir nas redes sociais as actividades que se vaian realizando, en *Twitter*, *Facebook*, *Pinterest*, *Instagram*...

Supón a utilización dunha linguaxe nova, actual..., que vai parella ao desenvolvemento da sociedade de hoxe en día, coa que o alumnado terá que convivir.

4.3 Obxectivos e proposta metodolóxica

A determinación da lingua predominante no contorno é moi importante pois vainos amosar que estamos situados en contornos galegofalantes ou castelánfalantes e, entón, os obxectivos que cómpre acadar serán distintos.

O noso centro sitúase nun contorno castelánfalante, onde destaca a maioría de alumnos que chegan a este dunha realidade cotiá galegofalante (avós e pais galegofalantes) pero que se inician na fala a través da lingua castelá.

Así, en función da realidade lingüística do noso centro, iniciamos un camiño, e neste camiño atopámonos con Informa.Gal, que terá como grandes finalidades as seguintes:

- Lograr a competencia e o uso do galego como primeira lingua.
- Poñer en valor a lingua galega, implicando a todos os axentes escolares neste proceso.
- Darlle a coñecer a toda a comunidade educativa a importancia de contribuír á mellora da situación do galego mediante o uso do noso idioma.
- Darlle ao noso alumnado a posibilidade de percibir as innumerables utilidades que ten o noso idioma.
- Mellorar a valoración da nosa lingua.

Así, a partir destas finalidades establecemos os seguintes obxectivos:

A longo prazo

- Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.
- Iniciar un camiño de cooperación e participación do profesorado e as familias ante un proxecto común referido á nosa lingua.

A medio prazo

- Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa en favor da normalización.
- Aumentar progresivamente os espazos e os tempos nos que o alumnado se desenvolve na lingua galega.

A curto prazo

- Comprometer na tarefa normalizadora o maior número posible de membros da comunidade educativa.

- Concienciar os sectores máis próximos ou afíns á nosa realidade para lograr un cambio progresivo da súa actitude lingüística.
- Promover o uso do noso idioma nas actividades que se desenvolvan dende o centro.
- Dar os pasos necesarios para a definición da liña lingüística do centro e planificar o emprego do galego como lingua vehicular do ensino a partir do coñecemento detallado e realista da situación.
- Diseñar e coordinar un proxecto de sensibilización e actividades a prol da normalización lingüística, dirixidas á comunidade educativa no seu conxunto.
- Concienciar a comunidade educativa de que o galego é unha lingua que pode servir perfectamente para desenvolverse en todos os campos.
- Amosar ante o alumnado que a aprendizaxe e o uso da nosa lingua ten interese e utilidade social.
- Conseguir que o alumnado tome conciencia de que o futuro da lingua non vai ser indiferente á nosa actuación social concreta e de que a nosa participación e uso individual van ser elementos positivos na recuperación de usos.
- Potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara ao noso idioma.

4.4 Xestión e temporización

Este proxecto será realizado no segundo e terceiro trimestre do curso 2016-2017, coa posibilidade de darlle continuidade no tempo. Contemplamos reunións quincenais para compartir información do proxecto e de todos os cambios, melloras,... que vaian xurdindo.

No CEIP Viñagrande-Deiro estamos convencidos dos beneficios para o alumnado da creación deste espazo dos medios de comunicación, de maneira que a nosa intención é mantelo como un contexto máis dos existentes no centro.

5 Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa

Neste proxecto participará a totalidade do profesorado do centro: de educación infantil, de educación primaria e especialistas.

Polo tanto, a función do persoal docente será de apoio na realización do proxecto. Este contará cun coordinador que xestionará e coordinará a saída dos produtos finais.

O rol do profesorado verase modificado e pasará a ser deguía e axudante e non protagonista; o alumnado, pola contra, será o protagonista nas tarefas que se realizan e na súa aprendizaxe.

5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

O profesorado implicarase no espazo dos medios atendendo ao alumnado que acuda a este espazo a difundir os seus traballos ou aqueles traballos que se realizan neste mesmo espazo. Para isto recibirá formación na utilización de dispositivos móbiles, de *apps*, programas de maquetaxe, montaxe..., unha formación que nos fai mellorar no noso traballo diario e que lle transmitiremos ao noso alumnado xa que pretendemos que, na medida do posible, este sexa autónomo.

5.2 Recursos materiais que se van mobilizar

Para o desenvolvemento do proxecto utilizaremos dispositivos móbiles e as diferentes *apps* que nos possibiliten realizar vídeos, fotografías, maquetar, editar textos...

Deste material, igual que de ordenadores, dispoñemos no colexio; o material que necesitamos sería o específico da radio, micros, ordenador cun *software* específico, mesa de mesturas...

6 Colaboracións institucionais

Igual que a comunidade educativa participa na realización do proxecto asistindo ao centro naquelas actividades nas que se demande da súa presenza, contamos coa posibilidade de achegar ao colexio diversas institucións que poden ser de grande axuda. O alumnado demandará a presenza destas institucións na realización de entrevistas, reportaxes, debates...

Tamén sinalamos que o alumnado realizou unha visita á redacción de *La Voz de Galicia* para coñecer de preto como é un xornal e temos pendente outra a unha emisora de radio local. Consideramos importante que visite distintos medios de comunicación antes de iniciarse no proxecto.

7 Medidas de difusión do proxecto

O proxecto está pensado para ser difundido ao mesmo tempo que se vai realizando e os medios de comunicación son o mellor instrumento para darlle visibilidade. Dentro destes medios van xogar un papel principal as redes sociais, como a mellor maneira de difusión pola súa rapidez e maior alcance de difusión.

Crearase un *blog* ou páxina *web* do proxecto para completar a súa difusión e como lugar onde se recollan todas as achegas.

7.1 Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

O alumnado e a comunidade educativa serán tanto protagonistas na realización do proxecto como na divulgación deste.

A implicación de ambos no proxecto garante unha maior difusión deste, tanto unha maior difusión na contorna máis próxima como unha maior difusión no exterior polas diferentes redes sociais.

Esta difusión fará que un maior número de persoas e institucións da contorna queiran participar no proxecto.

8 Orzamento

Para desenvolver este proxecto vémonos obrigados a mellorar o material que posúe o colexio, para garantir o seu éxito. Polo traballo que levamos feito nestes últimos anos deducimos que necesitamos contar con material específico de radio e cun ordenador dunhas características específicas.

8.1 Xustificación e desagregación

Ante a falta de material específico para a realización dos programas de radio vémonos na obriga de dar prioridade a aquel material específico deste medio. Daquela, o material que demandamos neste orzamento é o seguinte:

Ordenador con *software* específico: 1 279 €

Mesa de mesturas: 233 €

Cascos, 4 unidades: 69 €/unidade

Micrófonos; 4 unidades: 85 €/unidade

Total do investimento: 2.128 €

9 Plan de avaliación

Con anterioridade, amosouse un extracto dunha enquisa que analizaba o uso do galego entre o alumnado e as familias deste. Para a avaliación do impacto do proxecto pensamos realizar unha enquisa similar que incida naquelas cuestións relacionadas cos cambios ou coa percepción que se ten da nosa lingua.

Esta avaliación non quedará soamente nesta enquisa: avaliaremos actividades, participación... Utilizaremos rúbricas para algúns aspectos e rexistros para outros. Incidiremos en indicadores que reflicten o aumento na utilización do galego no alumnado, nas familias e na comunidade educativa, así como na valoración que se ten do galego na sociedade, entre outros temas.

Queremos garantir que a información que recollamos nos sirva para mellorar a actividade e garantir o seu éxito, pois este éxito vai parello a unha valoración máis positiva do galego e un incremento no seu uso.

9.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Criterios	Indicadores
Cambio no uso da lingua habitual en favor do galego	Aumento da utilización do galego en intercambios comunicativos
Valoración positiva do galego	Mellora de actitudes no uso do galego
Integración do galego na comunidade educativa	Inclusión do galego nas actividades realizadas pola comunidade educativa
Cambio na percepción que se ten do galego	Maior número de opinións a favor do galego
...	...

9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Na realización das diferentes actividades xoga un papel moi importante a comunidade educativa: familias, asociacións da contorna, organismos públicos, privados... Moitas das actividades estarán pensadas para que esta comunidade veña ao centro e que o alumnado poida, cos medios de comunicación, desenvolver un traballo xornalístico que lle permita enriquecerse coas achegas e ao mesmo tempo gozar cos medios nun traballo enriquecedor en moitísimos aspectos.

O alumnado e a comunidade educativa van mellorar a súa competencia lingüística en galego de modo que dende o colexio váiselle prestar un servizo a comunidade de potenciación do uso do galego.

10 Profesorado participante. Funcións e tarefas do profesorado implicado

O profesorado implicarase no espazo dos medios atendendo o alumnado que acuda a este lugar a difundir os seus traballos ou a divulgar aqueles traballos que se realizan neste mesmo espazo.

A función do profesorado será a de apoio ao alumnado que acuda ao espazo dos medios de comunicación e as tarefas que este organice dende as aulas ou mesmo neste espazo serán o xerme dos produtos finais que se exportarán ao exterior.

O profesorado ensinará a utilización de certas *apps* ou programas informáticos pero será o alumnado quen autonomamente sexa quen de exportar os produtos.

O profesorado de infantil realizará unha función de apoio, xa que queremos que as alumnas e os alumnos alumnado de cursos altos sexan os encargados de acompañar o alumnado de infantil nos traballos que exporten.

11 Alumnado participante

Participa neste proxecto todo o alumnado do centro, dende infantil ata primaria, un total de 126 alumnos e alumnas.

Atopámonos con alumnos e alumnas que farán de redactores/as, cámaras, editores/as, blogueiros/as, fotógrafos/as...

Queremos amosarlles ás novas xeracións o noso idioma e a importancia da súa conservación a partir dos medios de comunicación, e todo isto, gozando ao mesmo tempo que aprendendo...

Proxecto Informa.Gal

CEIP Viñagrande-Deiro
